

## TÍTULO I. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

### Artigo 1. Denominación

De acordo á Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, constitúese a Asociación sen ánimo de lucro, denominada Seitura 22, Ferrol, Eume, Ortegál, Miño e Vilarmáior, formada por 22 concellos que aglutinan todo o ámbito territorial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegál, e os concellos de Miño e Vilarmáior, da comarca de Betanzos.

### Artigo 2. Réxime legal

A Asociación rexeráse polo artigo 22 da Constitución, a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, o Real Decreto 949/2015 de 23 de Outubro, e demais lexislación existente en materia de asociacións, que lle sexa de aplicación.

Tamén se rexerá por estes Estatutos e polo Regulamento de réxime interno que, de ser o caso, se aprove, así como polos acordos validamente adoptados na Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera das súas respectivas competencias.

## TÍTULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

### Artigo 3. Domicilio

A Asociación fixa o domicilio social no Concello de Ferrol, cunha oficina situada en A Malata, s/n. Edificio de Usos Múltiples, baixo, C.P. 15405.

Así mesmo, contará con dúas delegacións, ao obxecto de facilitar a xestión, dinamización e achegamento á poboación de todo o territorio de actuación. Unha delas, situada no concello de Ortigueira e outra nun concello da comarca do Eume.

Para o caso de que se modifique o antedito domicilio, deberá acordarse pola Xunta Directiva coa ratificación da Asemblea Xeral.

### Artigo 4. Ámbito de actuación

A Asociación terá como ámbito de actuación preferente, o territorio dos seguintes vinte e dous concellos da Provincia de A Coruña: Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño e Vilarmáior, sen prexuízo de que poida estenderse, por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

## TÍTULO III. FINS E ACTIVIDADES

### Artigo 5. Fins e actividades

1.- A Asociación constitúese co obxecto de promover o desenvolvemento local nas zonas rurais do seu ámbito de actuación e colaborar activamente, na implantación dun modelo de gobernanza multinivel, sustentado no liderazgo colaborativo dos diversos axentes con arraigo no territorio.


Vertebrando, de xeito equilibrado e representativo, o partenariado público-privado, a través dos representantes das autoridades públicas, da comunidade empresarial, do sector do coñecemento e da sociedade civil, que estean interesados en aproveitar, entre outras, as oportunidades que brindan as Estratexias de Especialización Intelixente RIS<sub>3</sub> de Galicia, e o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR 2014-2020) para acadar os seguintes fins:

- Promover, dinamizar e favorecer o desenvolvemento integral do ámbito territorial de actuación da Asociación SEITURA 22.
- Favorecer a dinamización social e cooperación institucional para o desenvolvemento e constituír un foro de debate continuo sobre as necesidades e oportunidades da zona, seguindo un proceso participativo e aberto a tódolos axentes públicos e privados.
- Sensibilizar as administracións locais, autonómica, estatal e comunitarias, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona, de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
- Promover e xestionar programas das diferentes Administracións Públicas ou entidades privadas que contribúan ao desenvolvemento da zona de actuación da Asociación SEITURA 22.

Sinatura secretario



Sinatura presidente



- e) Elaborar a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa (EDLP) no ámbito territorial e sectorial, que posibilite a participación na selección e recoñecemento de grupos de desenvolvemento rural e na xestión da medida Leader de Galicia, no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
- f) Concorrer á convocatoria pública da Comunidade Autónoma de Galicia para conformarse en Grupo de Desenvolvemento Rural coa vontade de aglutinar e traballar conxuntamente con tódolos concellos do territorio obxecto da EDLP.
- g) Subscribir un Convenio de Colaboración con AGADER, para aplicar dita EDLP, no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e comprometerse a dotarse dun equipo técnico acreditado en base aos principios de igualdade, mérito e capacidade, con formación e capacidade para xestionar a EDLP.
- h) Comprometerse a dotarse dos medios técnicos suficientes para xestionar a medida Leader, nomeadamente os informáticos.
- i) Fortalecer a capacidade dos actores locais para desenvolver e implementar a xestión de proxectos relacionados coa EDL, ou calquera outro relacionado co desenvolvemento rural.
- j) Preparar e publicar as convocatorias de proxectos relacionados coa EDLP, ou un procedemento continuo de presentación de solicitudes, así como os criterios de selección e baremación de proxectos, garantindo a transparencia e non discriminación.
- k) Traballar en rede e ser centro receptor e distribuidor de información sobre desenvolvemento socioeconómico do medio rural, así como a difundir e propiciar a participación nas convocatorias de axudas que xurdan nos ámbitos da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado, ou da Comunidade Europea, que poidan contribuír ao desenvolvemento harmónico, equilibrado, endógeno, sostible e integral das zonas rurais.
- l) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- m) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona e concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, tomando parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- n) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.
- o) Impulsar e promover a participación social e cidadá, nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre todas as persoas.
- p) Promover a sensibilización das institucións de cara a unha aproximación progresiva da porcentaxe que as respectivas entidades públicas destinan a políticas de cooperación ó mínimo ético do 0,7% dos recursos propios.
- q) Deseñar e implementar actividades enfocadas á xestión sostible e integrada dos recursos turísticos das comarcas, coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento económico das mesmas, a través da promoción turística e a conservación do patrimonio etnográfico, cultural e medioambiental das comarcas, sensibilizando á poboación e administracións.
- r) Calquera outra vinculada ás anteriores e que teña que ver cos fins da entidade.

2.- Para acadar os ditos fins, a Asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) As dirixidas a fomentar a dinamización local, frear o éxodo rural, fomentar a creación de emprego, diversificar a economía rural e mellorar o benestar social das persoas e familias que residen no rural.
- b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento.
- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
- d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación, xa sexa para realizarse dentro do territorio nacional como en calquera país estranxeiro.
- e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento rural, especialmente dos membros da asociación.
- f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
- g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias, para a consecución dos fins da entidade.
- h) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.
- i) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación, nomeadamente a realización de Programas de formación para incrementar a capacitación e as oportunidades de emprego da poboación activa do territorio de actuación.



Sinatura secretario

Sinatura presidente

- j) Realizar calquera iniciativa económica ou social de xestión dos diferentes recursos dos territorios de actuación, entre os que cabe sinalar a xestión do patrimonio, xestión turística, xestión de residuos, iniciativas relacionadas co sector agroalimentario ou de museos, e centros de interpretación, entre outros.
- k) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou conseqüente coas anteriores.

#### TÍTULO IV. ASOCIADOS

##### Artigo 6. Composición e funcionamento

1.- A Asociación SEITURA 22 estará formada por un conxunto equilibrado e representativo de interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados con arraigo no ámbito de actuación da asociación, que deberán ter carácter representativo no plano territorial e sectorial.

Por elo, e co fin de impulsar a participación dos diferentes sectores e fomentar a incorporación de asociados, promoveranse, dende o seu inicio, xuntanzas en tódolos concellos co maior número de entidades posibles, co obxecto de fomentar a participación e adhesión, como socios, da entidade.

En todo caso, instaurarase o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados que cumpran os requisitos de admisión.

Rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico e axustará a súa actividade aos principios de colaboración, obxectividade, imparcialidade, eficacia, eficiencia, transparencia, publicidade e libre concorrencia.

Poderán ser socios as Comunidades ou Mancomunidades de Montes Veciñais en man común, as asociacións e organizacións profesionais, as entidades sen ánimo de lucro e as organizacións agrarias con presenza no territorio de actuación, e as administracións locais.

Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais.

2.- Tódolos asociados son elixibles para calquera dos cargos dos órganos decisorios.

No proceso de toma de decisións, cada membro dos órganos decisorios ostentará un só voto.

A efectos de adopción de acordos, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar polo menos o 51% dos votos en tódolos órganos de decisión.

Nin as autoridades públicas, nin ningún outro grupo de interese concreto, representarán mais do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións.

Cando algún membro do comité de avaliación ou dos órganos decisorios, teña algún tipo de relación profesional e/ou persoal, ou interese co promotor do proxecto obxecto de valoración ou votación, non poderá formar parte nin da valoración, nin da votación, debendo ausentarse, nese punto da reunión quedando constancia diso na acta, con explicación motivada e recollendo a hora da ausencia e o momento no que se volve a incorporar, co fin de garantir que non se produza o conflito de intereses.


Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinalen que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.

Se unha persoa do comité de avaliación ou decisión do GDR ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal nel, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.


Cando exista dúbida sobre o interese entre algunha persoa comité de avaliación ou selección, o GDR deberá remitir o asunto a AGADER para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

Poderán adoptarse acordos por procedemento escrito e de xeito telemático, cando así o esixan causas de forza maior ou urxencia motivada no dito procedemento, facendo referencia ao prazo de resposta ao mesmo. De ditos acordos darase conta na seguinte reunión ordinaria.

Sinatura secretario



Sinatura presidente



## Artigo 7. Adquisición da condición de asociado/a

1.- Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao Presidente ou Presidenta, no que manifeste a vontade expresa de adherirse á Asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntar, ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que a representará na asociación.

2.- Cando unha entidade solicite a entrada na Asociación, unha vez constituída esta, deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.

3.- Cando un candidato a ser asociado non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación desta Asociación, deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial.

4.- O Presidente/a trasladará a solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo ao solicitante a unha das mesas sectoriais, segundo o seu interese preferente. Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer ante a primeira Asemblea Xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

## Artigo 8. Perda da condición de asociado/a

A baixa da Asociación por calquera motivo non exime ao asociado/a de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de asociado/a:

- Por decisión voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao Presidente ou Presidenta.
- Por sanción imposta pola Xunta Directiva, de xeito motivado e con audiencia do interesado/a, por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se realice.
- Por falta de pago das cotas, no caso de que as houbera.
- Por extinción da persoa xurídica.

## Artigo 9. Dereitos dos asociados/as

Os asociados/as teñen os seguintes dereitos:

- Elixir e ser elixidos para formar parte da Xunta Directiva, comisións, mesas e doutros órganos que se poidan crear.
- Ser convocados para asistir ás Asembleas Xerais e participar con voz e voto nas mesmas.
- Ser informados sobre a composición dos órganos de goberno e representación da Asociación e a obter información sobre calquera aspecto da marcha da Asociación que lle poida resultar de interese.
- Participar nas actividades da Asociación.
- Impugnar os acordos dos órganos da Asociación, que estimen contrarios á lei ou aos estatutos.
- Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- Aprobar si procede, en Asemblea, o balance do exercicio e o orzamento anual.


Para poder participar na Asemblea Xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas, no caso de que se aprobara o establecemento destas.

## Artigo 10. Obrigas dos asociados/as


Son obrigas dos asociados/as:

- Asistir ás Asembleas Xerais e acatar os estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditos cargos.
- Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, as Mesas Sectoriais das que formen parte, ou outros órganos que se creen.
- Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- Fomentar os obxectivos que promove a Asociación.

Sinatura secretario



Sinatura presidente



- f) Satisfacer o pagamento de cotas, no caso de que se estableceran.
- g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

## TÍTULO V. ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

### Artigo 11. Órganos da Asociación

Os órganos colexiados da Asociación son, como mínimo, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

Os órganos unipersoais son, como mínimo, o Presidente/a, o Vicepresidente ou Vicepresidentes, si os houbera, o Secretario/a e o Tesoureiro/a.

Os titulares dos órganos unipersoais son elixidos pola Xunta Directiva de entre os seus membros, por un período de dous anos e poden ser reelixidos por outros dous.

### Artigo 12. Asemblea Xeral: composición e funcións

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os asociados e asociadas.

2.- A Asemblea Xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a) Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
- b) Aprobación da xestión da Xunta Directiva.
- c) Aprobación das actividades a realizar.
- d) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- e) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos de representación, en función do peso de cada un dos colectivos na EDLP.
- f) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva, o cesamento anticipado deles e a duración do seu mandato.
- g) Coñecemento sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola Xunta Directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.
- h) Constitución de federacións ou integración nelas.
- i) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A contía da cota de ingreso, no caso de que se establecera, será igual á achega fundacional, podendo a Asemblea establecer unha actualización anual non superior ao IPC
- j) As revisións dos acordos de admisión e expulsión dos socios emitidos pola Xunta Directiva.
- k) O cambio de domicilio ou sede social.
- l) Aprobación do Regulamento de réxime interior.
- m) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- n) Disolución da Asociación.
- o) Disposición ou alleamento de bens.

### Artigo 13. Asemblea Xeral: convocatorias


1.- As reunións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias. Reunirse con carácter ordinario, cando menos unha vez ao ano, para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A Asemblea Ordinaria será convocada polo Presidente/a con quince días de antelación á data da reunión.

As Asembleas Extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente/a, cando a Xunta Directiva o acorde, ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados/as. A petición dos asociados realizarase mediante escrito dirixido ao Presidente/a, autorizado coa sinatura dos peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. A Asemblea Xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela, un Presidente e un Secretario.


As convocatorias fanse por escrito con expresión do lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día e a documentación que se estime oportuna para o seu desenvolvemento. Dita convocatoria poderá remitirse por vía electrónica.

2.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a maioría dos asociados e, en segunda convocatoria, pasados quince minutos dende a hora fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concorrentes con dereito a voto.

Sinatura secretario



Sinatura presidente



3.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o Secretario co visto e prace do Presidente. Os acordos das Asembleas Xerais faranse constar no libro de actas da Asociación. As actas subscribas polo presidente e o secretario serán ratificadas no transcurso da próxima sesión, ou tamén dentro dos 15 días seguintes á súa celebración, mediante a sinatura conxunta do presidente e do secretario. As actas, unha vez aprobadas, serán executivas dende a súa aprobación, agás o relativo aos acordos de índole administrativa, que precisen a aprobación do organismo competente da Xunta de Galicia, ou doutras administracións, antes da súa execución.

#### **Artigo 14. Asemblea Xeral: adopción de acordos**

1.- Cada asociado terá dereito a un voto.

2.- Para que os acordos adoptados sexan válidos deberá cumprirse que os votos do sector privado constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberán representar polo menos o 51% dos votos emitidos.

3.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a j) do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos asociados presentes ou representados.

Non obstante, requirirase maioría dos dous terzos dos asociados presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras k) a o) do apartado 2 do artigo 12.

4.- Os acordos adoptados obrigarán a todos os asociados, incluso aos non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo Secretario/a, co visto e prace do Presidente/a.

#### **Artigo 15. Xunta Directiva: composición e funcionamento**

1.- A Xunta Directiva é o órgano de representación da Asociación e estará formada polos representantes dos asociados/as elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a Asemblea Xeral lle outorgue a cada unha delas.

Estará formada por un Presidente/a, dous Vicepresidentes, un Secretario/a, un Tesoureiro/a e un número de vocais ata conformar un máximo de 21 membros, que poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.

En todo caso, na Xunta Directiva deberán estar representadas, cando menos sempre que sexan socios, as asociacións de mulleres, as asociacións de mozos, as asociacións de acción social, as asociacións cuxo obxecto social estea relacionado, de xeito prioritario coa protección, conservación ou mellora do ambiente, as asociacións do sector agrario, incluíndo as organizacións profesionais agrarias, as asociacións de empresarios e as asociacións profesionais, as asociacións do sector cultural e o sector público. O número de representantes do sector privado sempre deberá ser superior ao número de representantes do sector público.

2.- A metade dos membros renovarase cando transcorra dous anos dende a constitución da Asociación e a partir de aí, cada ano renovarase a metade dos que leven dous anos elixidos, agás nos casos nos que non houbera nun sector, máis entidades socias das que xa sexan membros da Xunta Directiva.

3.- Os membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen ou por acordo da Asemblea Xeral. O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

4.- As vacantes que se produzan na xunta directiva cubriranse cos representantes dos asociados que elixa a Asemblea Xeral segundo a Mesa sectorial e o sector público ou privado ao que pertenza a vacante.


#### **Artigo 16. Xunta Directiva: funcións**

1.- A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.


2.- A Xunta Directiva é o órgano competente para:

- a) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- b) Acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación.
- c) Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a asociación.
- d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da asociación.

Sinatura secretario



Sinatura presidente



- e) Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na Asemblea Xeral.
- f) Elaborar o regulamento de réxime interno.
- g) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- h) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.
- i) A admisión e separación de asociados.
- j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquela ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola Asemblea Xeral.

**Artigo 17. Xunta directiva: convocatoria e adopción de acordos**

1.- Poderán ser ordinarias e extraordinarias. As convocatorias faranse por escrito, cunha antelación de 15 días, no caso das ordinarias, con expresión do lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día e a documentación que se estime oportuna para o seu desenvolvemento. Dita convocatoria poderá remitirse por vía electrónica.

Reunirase en calquera momento mediante convocatoria escrita do Presidente/a, por propia iniciativa ou a instancia motivada de calquera dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasados quince minutos dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de membros concorrentes.

Poderán asistir ás sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente.

4.- No proceso de toma de decisións, cada membro da Xunta Directiva ostenta un voto.

5.- Os acordos adoptaranse por maioría simple. En todos os casos os membros do sector privado deberán representar máis do 51% dos votos totais.

6.- As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas, provisionalmente, entre ditos membros, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral, convocada ao efecto.


**Artigo 18. Presidente/a**

1.- A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros o Presidente/a.


2.- O Presidente/a ostenta a representación legal da Asociación, tanto en xuízo coma fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.
- b) Representar legalmente á Asociación, ante toda clase de organismos públicos e privados, de calquera grado e xurisdición, así como autorizar coa súa sinatura e presenza tódolos actos e contratos nos que se atope implicada a Asociación. Abrir, manter e cancelar contas bancarias, coa súa sinatura e a do tesoureiro, e dispor a ordenación de cobros e pagos.
- c) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co Tesoureiro.
- d) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral os balances e contas anuais.
- e) Resolver sobre a admisión de novos socios.
- f) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación
- g) Adoptar calquera medida urxente, que aconselle a boa marcha da asociación ou que resulte necesaria para o desenvolvemento das actividades, dando conta posteriormente á Xunta Directiva.
- h) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da Asociación, así como visar os documentos autorizados polo Secretario, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- i) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral.
- j) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- k) Todas as funcións que lle sexan atribuídas no Regulamento de réxime interno, si o houbera.

Sinatura secretario



Sinatura presidente



- l) Subscribir contratos a nome da Asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercitar accións e opoñer excepcións.
- m) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.
- n) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.
- o) Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asemblea Xeral



Sinatura secretario

Sinatura presidente



## Artigo 19. Vicepresidente/es

- 1.- A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros un ou varios Vicepresidentes, ata un máximo de dous, segundo o que acorde a Asemblea Xeral.
- 2.- O/a Vicepresidente/a, en ausencia do Presidente, exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a este.

## Artigo 20. Secretario/a

- 1.- A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros o Secretario/a.
- 2.- Ao secretario/a correspóndenlle as seguintes funcións:
  - a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
  - b) Custodiar os libros de actas e documentación da Asociación, excepto os libros de contabilidade.
  - c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
  - d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva, así como expedir certificacións dos mesmos, co visto e prace do Presidente/a.
  - e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
  - f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do Presidente,
  - g) Redactar a memoria anual da asociación.
  - h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

## Artigo 21. Tesoureiro/a

- 1.- A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros o tesoureiro/a.
- 2.- Ao Tesoureiro/a correspóndenlle as seguintes funcións:
  - a) Recadar os fondos para a asociación e custodialos.
  - b) Efectuar os pagamentos acordados polo Presidente.
  - c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da Asociación.
  - d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
  - e) Levar os libros de contabilidade e o inventario de bens.
  - f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no Regulamento de réxime interno, si o houbera.



## Artigo 22. Vogais

Os vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como das que nazan das delegacións, ou comisións de traballo que, a propia Xunta Directiva, lles encomende

## Artigo 23. Mesas Sectoriais

- 1.- Os asociados integrados na Asemblea Xeral organizaranse en seis (6) mesas sectoriais, organizadas en torno aos seguintes ámbitos:
  - a) Mesa Institucional: formada polos representantes das Administracións Locais do territorio e das Institucións educativas, de investigación científica e tecnolóxica.
  - b) Mesa de Dinamización Sociocomunitaria: na que se agrupan as asociacións sen ánimo de lucro non incluídas noutras mesas sectoriais: asociacións de mulleres, de mozos, de veciños, medioambientais, culturais, deportivas, entre outras.
  - c) Mesa do Sector Agroforestal: inclúe entidades representativas do sector, como cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación, comunidades de montes, asociacións forestais, organizacións profesionais agrarias.
  - d) Mesa Empresarial e do Emprego: formada por entidades empresariais, sindicais, Cámara de Comercio.
  - e) Mesa de Benestar Social: integrada polas entidades do ámbito dos servizos sociais que teñan como obxecto social mellorar a calidade de vida da poboación, especialmente de colectivos con especiais dificultades e colectivos desfavorecidos ou en perigo de exclusión social.
  - f) Mesa de Turismo e Hostalería: formada polas entidades vinculadas ao fomento do turismo e á representación de empresas turísticas e de hostalería.

Sinatura secretario

Sinatura presidente

2.- As Mesas Sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle informativa das actividades da Asociación e participativa dos actores de diversos sectores económicos, implicados no desenvolvemento do territorio. Nas Mesas Sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concibir, para elevar propostas á Asemblea Xeral e trasladalas á EDLP.

3.- A Asemblea Xeral poderá variar as mesas sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio e decidirá o número de representantes que lle corresponderá a cada Mesa Sectorial na Xunta Directiva. Os representantes das mesas na Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral, a proposta de cada mesa sectorial.

#### **TÍTULO VI. RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL**

##### **Artigo 24. Réxime económico e patrimonial**

1.- No momento da súa constitución, a asociación carece de patrimonio fundacional.

2.- O patrimonio estará constituído polos ingresos provenientes de:

- a) Achegas económicas dos asociados.
- b) Doazóns, subvencións, legados e herdanzas.
- c) Resultados económicos que se podan producir polas actividades organizadas pola entidade.
- d) Outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.

O exercicio económico pecharase o 31 de decembro de cada ano.

Os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da Asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados, nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.

#### **TÍTULO VII. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

##### **Artigo 25. Disolución**

1.- A Asociación establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso:

- a) Por sentenza xudicial.
- b) A Asociación disolverse voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto por unha maioría de dous terzos dos socios presentes ou representados.
- c) Por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos máis elementais.
- d) Por ter realizado o fin para o que se constituíu.
- e) Polas demais causas que determina a lei.

Unha vez disolta a Asociación, procederase á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na Asemblea Xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da Xunta Directiva, nomeados pola Asemblea para esa función.

3.- A Comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos aos desta Asociación.

4.- En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e as Disposicións complementarias.

En Ferrol, a vinte de xuño de 2017

Así o asinan, en conformidade, os membros da Xunta Directiva.



Sinatura secretario

Sinatura presidente

**DILIXENCIA:**


D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con DNI 32649797-D, titular da secretaría da Asociación Seitura 22 Ferrol, Eume, Ortegal, Miño, Vilarmaior, con domicilio en Lugar A Malata, s/nº, Edificio Usos Múltiples, 15405 Ferrol, provincia de A Coruña, e NIF G-70492186, inscrita co núm.: 2016/020440-1ª no Rexistro de Asociacións Provincial de A Coruña,

**CERTIFICA:**

Que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 20 de xuño de 2017, e coas maiorías previstas nos estatutos da Asociación.

En Ferrol, a 29 de agosto de 2017

O Secretario



Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo

Visto e Prace,  
O Presidente




Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández




**INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN  
ASOCIACIÓN Nº 20440-1**

Inscrita a la modificación por resolución do 23...  
de febreiro de 2018...  
soamente para os efectos de publicidade de  
conformidade co artigo 22 da Constitución e artigo  
16 da L.O. 1/2002

O/A responsable do Rexistro



Sinatura secretario



Sinatura presidente

